



RESOLUCIÓN ST 1/2017 DO 23 DE OUTUBRO DE 2017, DO XERENTE DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO POLA QUE SE CONVOCAN PARA VINCULACIÓN TEMPORAL DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL LICENCIADO SANITARIO ESPECIALISTA DE AREA

Existen no ámbito da EOXI de Vigo prazas vacantes e prazas reservadas de longa duración de persoal licenciado sanitario especialista de área sen cubrir a través do proceso de selección temporal. Por esa razón, convócanse as prazas que se recollen nesta resolución a través dun concurso de méritos ao que se aplicará o baremo recollido na convocatoria de OPE formalizada para selección de persoal fixo mediante Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 7 de 11 de xaneiro de 2017), axustado no apartado de formación ao previsto no Plan de Estabilidade de emprego e provisión de postos de persoal estatutario (DOG núm. 85 de 4 de maio de 2017).

Este proceso de selección temporal, realízase de conformidade co previsto no artigo 67 do Decreto 206/2005 (DOG núm. 145 do 29 de xullo de 2005), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Así, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro (DOG núm. 199, do 15 de outubro) polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, e da Orde de 5 de xullo de 2012 (DOG núm. 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo (en adiante EOXI Vigo),

RESOLVE

Convocar o proceso de selección para a cobertura temporal de diversas prazas vacantes e prazas reservadas de longa duración, de persoal facultativo especialista de área de varias especialidades.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

BASES

Primeira. Prazas

Convócase concurso de méritos para a selección de persoal temporal mediante un nomeamento de interinidade en praza vacante ou de substitución de titular con dereito á reserva de praza da

categoría de facultativo/a especialista de área en quenda de mañá ou de tarde que se especifican no Anexo I da presente resolución.

Segunda. Requisitos de participación

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a sinatura do nomeamento os seguintes requisitos:

2.1 Nacionalidade: ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/as españois e dos/as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes.

2.2 Idade: Ter feitos os 16 anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa legalmente vixente.

2.3 Capacidade funcional: posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente nomeamento.

Para a protección da seguridade e saúde dos profesionais e da calidade asistencial, a Administración Sanitaria poderá requirir da Unidade de Prevención de Riscos Laborais, ou órgano competente, preferentemente antes da formalización do nomeamento, a verificación da capacidade funcional dos/as aspirantes seleccionados.

2.4 Habilitación: Non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración Pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.



No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

2.5 Protección xurídica do menor: No ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade coa previsión contida no artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26 / 2015 , do 28 de xullo.

2.6 Titulación: Estar en posesión da titulación que se especifica para cada unha das categorías/especialidades que se convocan no Anexo I desta resolución ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais ao abeiro do disposto no Real Decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva Comunitaria 2005/36/CE e no Real Decreto 459/2010 do 16 de abril.

2.7 Situación administrativa:

Non poderá participar o persoal estatutario fixo da mesma categoría e especialidade que se atope en activo ou en excedencia.

2.8: Taxas: Aboar taxas por dereitos de inscrición agás exención acreditada (punto 3.2)

Terceira. Solicitudes, taxas e documentación

3.1 Solicitudes: As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude, segundo o modelo que se xunta como Anexo II, dispoñible nos puntos de atención ao traballador (PAT) da Dirección de Recursos Humanos da EOXI de Vigo nos Hospitais Álvaro Cunqueiro, Hospital do Meixoeiro e na Dirección de Recursos Humanos sita en García Barbón nº 51, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

As persoas interesadas en participaren no proceso selectivo deberán declarar na solicitude de inscrición que reúnen todos os requisitos de participación exixidos nesta convocatoria.

3.2 Taxas: As persoas interesadas deberán aboar as taxas por participación nesta convocatoria ou achegar documentación xustificativa da exención. Xunto coa solicitude os/as interesados/as deberán presentar xustificante de aboamento das taxas administrativas, por dereitos de inscrición por importe de 17,15 €. As taxas deberán aboarse mediante ingreso nunha das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para realizar o ingreso empregárase o impreso de autoliquidación que estará a disposición dos/as interesados/as nas oficinas da Dirección de Recursos Humanos da EOXI Vigo ou en calquera rexistro xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A falta de presentación do impreso de autoliquidación ou a súa presentación sen indicación da data e o selo da entidade bancaria, xunto coa solicitude de participación no proceso, determinará a exclusión do/a aspirante.

Poderase facer efectivo o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual da páxina web do Cixtec (www.cixtec.es) e premer na ligazón Oficina Virtual-Tributaria (cor azul), entrar a servizos de acceso libre e taxas, prezos, multas e sancións. Neste caso unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimírase o xustificante de ter aboada a taxa (modelo 730), que será o que se achegue xunto coa solicitude.

En ningún caso, a presentación do xustificante de aboamento suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

Estarán exentos do pagamento da taxa as persoas que acrediten documentalmente, xunto coa solicitude, unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que figurasen como demandantes de emprego, desde polo menos seis meses antes da data de publicación desta resolución, e que non estean percibindo prestación ou subsidio de desemprego.



Tales circunstancias deberán ser acreditadas, respectivamente, mediante copia compulsada da cualificación de discapacidade; copia compulsada do título oficial de familia numerosa ou carné familiar onde conste o seu carácter ordinario ou especial; certificación negativa expedida polo Servizo Público de Emprego, da percepción actual de prestación/subsidio por desemprego e da antigüidade como demandante de emprego.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolverase, logo dos trámites correspondentes, aos/ás aspirantes excluídos/as que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

3.3 Documentación:

Xunto coa solicitude de participación e o pagamento de taxas, ou no seu caso xustificante de estar exento do pagamento destas, deberá presentarse a seguinte documentación dentro do prazo de presentación de solicitudes:

3.3.1.-Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade, e data de nacemento da persoa interesada, así como, de ser o caso, as circunstancias de dereito recollidos na base segunda (2.1.-).

Os/as aspirantes estranxeiros/as que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario/a en vigor ou, de ser o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario/a fronteirizo/a en vigor.

Os/as aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, que non residan en España, ben por residiren no estranxeiro ou por atopáranse en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

Os/as familiares dos/das anteriores deberán presentar unha fotocopia compulsada do visado e, se é o caso, do xustificante de solicitar a correspondente tarxeta ou xustificante de solicitar a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español/a, do/a nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e do/da nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados

internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, co que existe este vínculo, de que non está separado/a de dereito do seu/súa cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

3.3.2.- Xustificante de ter aboado as taxas por dereitos de inscrición. As persoas exentas ou con bonificación no pagamento das taxas deberán presentar copia cotexada da documentación que acredite este dereito nos termos exixidos na base Terceira (3.2.-)

3.3.3.- Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría/especialidade ou a documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, nos termos previstos nos anexos I desta Resolución e anexo V da convocatoria de concurso-oposición formalizada pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 7 do 11 de xaneiro de 2017).

Deberá presentarse tradución xurada ou equivalente segundo o disposto no anexo V citado daqueles títulos que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse ademais o documento que acredite fidedignamente a súa homologación ou recoñecemento.

O/a aspirante non terá obriga de achegar a documentación acreditativa de titulación cando esta conste validada (V) no FIDES/ Expediente-e, expediente electrónico profesional.

3.3.4.- A falta de acreditación pola persoa interesada dos requisitos de participación determinará a súa exclusión do proceso de selección.

En todo caso a autoridade convocante reservarase o dereito a exixir que se acredite convenientemente a existencia ou non dos requisitos de participación e idoneidade dos/as aspirantes, en calquera momento anterior á resolución definitiva do proceso.

Cuarta. Prazo e lugar de presentación

As solicitudes, o xustificante de aboamento de taxas ou, de ser o caso, o de estar exento delas, e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos, poderá presentarse en calquera dos rexistros de entrada da EOXI de Vigo (PAT do Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro e no rexistro do SERGAS en García Barbón, nº 51), dirixidas ao xerente, no prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Será causa de inadmisión ao proceso selectivo a presentación extemporánea da solicitude pola persoa interesada.

A anterior documentación poderá, así mesmo, presentarse a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación ou en calquera dos documentos acreditativos dos requisitos de participación.

O domicilio que conste en Fides-Expedient-e considerárase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a candidato/a tanto os erros na consignación do mesmo como a falta de comunicación á EOXI de Vigo de calquera cambio de enderezo. O mesmo será aplicable a outros medios de comunicación posibles como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixesen constar na súa solicitude.

Quinta. Sistema de selección e méritos a valorar

A selección de aspirantes á praza convocada, levarase a cabo pola valoración dos méritos acreditados de conformidade co baremo recollido no anexo IV da convocatoria de OPE formalizada por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicada no DOG núm. 7 do 11 de xaneiro de 2017, adaptado ao presente proceso da forma seguinte: No apartado de formación (máximo 14 puntos) valorárase o coñecemento da lingua galega (Curso Celga 4 ou equivalente) con 2 puntos. Os restantes subapartados incluídos en formación non poderá superar, conxuntamente, os 12 puntos.



Os méritos que se terán en conta son os recollidos no anexo IV mencionado no parágrafo anterior e valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Só se terán en conta os méritos que estean debidamente rexistrados no sistema informático Fides-Expedient-e, e que estean debidamente acreditados pola persoa interesada na data de finalización de presentación das solicitudes.

Así mesmo, se a comisión de avaliación o considera oportuno, poderá acordar a realización dunha entrevista persoal regrada ás persoas aspirantes no proceso selectivo á que se lle outorgará unha puntuación máxima de 17 puntos.

A puntuación total que os/as aspirantes poderán acadar polo conxunto de ambas as dúas fases será de 57 puntos:

- 40 puntos correspondentes aos méritos.
- 17 puntos correspondentes á entrevista.

Sexta. Procedemento de rexistro electrónico de méritos

Para o rexistro electrónico e acreditación dos méritos, as persoas participantes deberán proceder da seguinte forma:

As persoas interesadas accederán a través de Fides ao expediente electrónico profesional e comprobarán os datos do seu *curriculum* baremables para o proceso de selección que constan rexistrados na aplicación informática así como o seu estado.

Aquelas persoas que, con anterioridade ao anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia, teñan solicitado, mediante a presentación da documentación correspondente, a validación dalgún mérito previamente rexistrado no expediente electrónico e que se atope pendente de validar, deberán presentar, de ser o caso, dentro do prazo de presentación de solicitudes, a documentación complementaria para acreditar debidamente o mérito.

Así mesmo, aquelas persoas que antes do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia rexistraran no sistema informático os seus méritos, que figuran como pendentes de validar sen que tiveran presentado documentación acreditativa ningunha dos mesmos, deberán solicitar a súa



validación e acreditar documentalmente a súa posesión dentro do prazo de presentación de solicitudes para que poidan ser, no seu caso, valorados.

No caso de que os méritos que se pretendan facer valer xa foran incluídos no expediente electrónico do Servizo Galego de Saúde (Fides-Expedient-e) e acreditados con anterioridade á data da publicación da convocatoria, non será necesario presentar de novo a documentación acreditativa dos mesmos. Porén a comisión de avaliación poderá requirir, en calquera momento, a achega de documentación complementaria acreditativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

No caso de profesionais que non están rexistrados no sistema Fides-Expedient-e, deberán facelo seguindo as instrucións contidas no seguinte enlace: [Sergas-Emprego público-Expedient-e](#).

Se non consta ningunha información o/a profesional, deberá rexistrar no sistema os méritos que posúe para os efectos da súa valoración no proceso de selección. Logo de rexistrados, deberá imprimir a solicitude de validación destes, que estará dispoñible na aplicación informática na epígrafe <informe>, e presentala ata o último día do prazo, inclusive, de presentación de solicitudes nos rexistros indicados na base cuarta, dirixida (preferentemente) á unidade de validación da EOXI de Vigo, xunto coa documentación acreditativa dos mesmos.

O procedemento de acreditación de méritos en Fides está recollido no anexo III desta resolución.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva non se admitirá, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e aos efectos da súa valoración neste proceso, ningunha documentación acreditativa de novos méritos, aínda que consten rexistrados no expediente electrónico, agás aquela documentación que constando documentalmente ter sido solicitada polo/a interesado/a ao organismo ou entidade competente no prazo de presentación de solicitudes ou nun momento anterior, non tivera sido recepcionada polo/a interesado/a no indicado prazo, suposto no que se admitirá a súa presentación no prazo de reclamación contra a lista provisional de admitidos/excluídos.

Fora deste suposto e prazo, non se admitirá a presentación de ningunha documentación acreditativa de novos méritos.

Sétima. Comisión de Avaliación

Para a selección dos aspirantes constituirase unha comisión de avaliación, para cada unha das especialidades convocadas, cuxas funcións serán valorar os méritos acreditados polas persoas interesadas, realizar a entrevista persoal e elevar a proposta de adxudicación do nomeamento ao xerente.

A comisión de avaliación terá a seguinte composición:

Presidente: O titular da Dirección de Procesos Asistenciais da EOXI de Vigo, ou persoa na que delegue, que ostentará o voto de calidade para o caso de empate.

Vogais:

- O titular da Dirección de Procesos con Ingreso da EOXI de Vigo, ou persoa na que delegue.
- Un/unha xefe/a de servizo, designado polo Xerente da EOXI de Vigo
- Secretario/a: un/unha representante da Dirección de Recursos Humanos en praza ou categoría para a cal se exixa posuír titulación de nivel académico igual ou superior á exixida para participar no proceso, que actuará con voz pero sen voto. O/a secretario/a levantará acta de cada unha das sesións que celebre a comisión.

O Xerente publicará a composición da comisión de avaliación para xeral coñecemento das persoas interesadas de conformidade coas normas xerais contidas nas presentes bases.

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo ao xerente, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/ 2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando, ao seu xuízo, concorran as citadas circunstancias.

Oitava. Procedemento e tramitación

8.1.- Todas as publicacións relativas ao desenvolvemento do proceso realizaranse nos taboleiros de anuncios dos Puntos de Atención ao Traballador (PAT) da Dirección de Recursos Humanos sitos nos Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro e en García Barbón, nº 51, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

8.2.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de avaliación publicará a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando neste último caso a causa de exclusión.

Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada relación, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a súa exclusión. Transcorrido este prazo, a comisión de avaliación resolverá as reclamacións presentadas e publicarase a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

A tal efecto, a estimación ou desestimación de ditas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, contra a cal poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos na convocatoria. Cando da documentación que debe presentarse se desprenda que non posúen algún dos requisitos, aquelas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no proceso.

8.3.- A comisión de avaliación, previa proposta da Dirección de Recursos Humanos, procederá a baremar os méritos dos aspirantes de conformidade co previsto no parágrafo 1 da base quinta desta convocatoria.

8.4.- No suposto de que se proceda á celebración de entrevista, publicarase nos taboleiros de anuncios dos Puntos de Atención ao Traballador (PAT) da Dirección de Recursos Humanos sitos nos Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro e en García Barbón, nº 51, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde, a data, hora e lugar de celebración da mesma. Entre esta dita publicación e a celebración da entrevista deberá mediar como mínimo un prazo de 5 días hábiles..

A entrevista realizarase por orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes, a partir da letra que resulte do sorteo realizado de conformidade co establecido na Orde de 24 de maio de 2006. As persoas aspirantes deberán ir provistos do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade e nacionalidade.

Entenderase que desisten do presente proceso de selección temporal aqueles aspirantes que non comparezan.

8.5.- No suposto de que non se considere oportuno a realización da entrevista, rematada a baremación publicarase a relación provisional coas puntuacións obtidas e abrirase un prazo de 5 días hábiles para presentar reclamacións polos/as aspirantes.

Rematada a fase de baremación e entrevista, de ser o caso, publicarase a relación provisional coas puntuacións obtidas por cada aspirante en cada fase, e a puntuación global resultante da suma de ambas, coa apertura dun prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións polos aspirantes.

Á vista das reclamacións presentadas ou de apreciarse de oficio algún erro material na baremación provisional, a comisión practicará as oportunas correccións, e aprobará as puntuacións definitivas e a relación de aspirantes seleccionados/as pola orde de puntuación acadada.

8.6.- A comisión elevará a listaxe definitiva por orde de prelación ao xerente coa proposta de adjudicación do nomeamento a prol daquel aspirante que acredite a maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberá quedar constancia das razóns que motiven a dita proposta.

8.7.- De producirse un empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- A) A aspirante de sexo feminino sobre o de sexo masculino, cando na especialidade no centro se dean as condicións de infrarepresentación previstas no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32 do 17 de febreiro)
- B) Pola orde de maior a menor puntuación obtida polo/a interesado/a en cada apartado do baremo, pola súa orde sucesiva (Formación; Experiencia; Investigación e Innovación Sanitaria)
- C) De persistir o empate, decidirá a maior idade do/da aspirante.

8.8.- En calquera momento do proceso se a comisión tivese coñecemento de que algún aspirante non cumpre con algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar a súa exclusión.



Novena.- Relación de aspirantes seleccionados/as

9.1.- Os/as aspirantes seleccionados/as disporán dun prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da resolución provisional prevista no parágrafo 8.5 para a presentación da seguinte documentación:

9.1.1.- Certificado médico oficial no que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da especialidade. Sen prexuízo do anterior, a persoa aspirante seleccionada someterase a unha avaliación de saúde pola unidade de prevención de riscos laborais da EOXI de Vigo preferentemente antes da súa incorporación. De non superar a avaliación, e ter iniciado a prestación de servizos, previa audiencia da persoa interesada, cesarase no nomeamento.

9.1.2.- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera Servizo de Saúde ou Administración Pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, se fose o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, declaración baixo a súa responsabilidade de non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

9.1.3.- Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais de non ter sido condenado/a por sentenza firme pola comisión de ningún dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual ou de trata de seres humanos.

9.1.4.- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal estatutario fixo na mesma categoría e especialidade en situación de servizo activo ou en situación de excedencia.

9.2 Os/as que dentro do prazo fixado non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo non poderán ser



nomeados/as persoal estatutario temporal e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

9.3 Neste suposto, a comisión de avaliación procederá á proposta dunha nova adxudicación do nomeamento a prol do/a aspirante seguinte pola orde de prelación establecida na listaxe definitiva, outorgándolle o prazo de cinco días hábiles para presentar a documentación establecida no parágrafo 9.1. aplicándose, de ser o caso, o parágrafo 9.2.

9.4 No caso de reiterarse a situación establecida na base 9.2 procederase ás sucesivas propostas entre os/as aspirantes segundo a orde de prelación establecida na listaxe definitiva ata a última persoa aspirante, declarando no último caso, deserta a convocatoria.

Décima. Resolución definitiva

Finalizado o proceso de selección, o xerente ditará resolución definitiva pola que se acorde a adxudicación de nomeamento ao/á aspirante que resulte da proposta da comisión. Esta resolución será publicada de acordo co previsto nesta convocatoria.

A incorporación do/a aspirante seleccionado/a deberá producirse dentro dos 5 días hábiles seguintes á publicación da devandita resolución. De non tomar posesión no dito prazo, por causas imputables á persoa interesada ou sen responder a causas xustificadas, esta perderá os dereitos como adxudicatario do nomeamento, e procederase á emisión dunha nova resolución definitiva a favor do seguinte aspirante con maior puntuación.

Non poderán ser nomeados persoal estatutario as persoas aspirantes seleccionadas que ao tempo de expedir o correspondente nomeamento se atopen en situación de incapacidade permanente total, absoluta ou de gran invalidez.

O persoal temporal con nomeamento de carácter eventual para a prestación de servizos determinados, vinculado á convocatoria deste proceso selectivo na respectiva especialidade, deberá participar no proceso selectivo previsto nesta resolución, e de non obter número de orde suficiente para subscribir o nomeamento en praza vacante ou en reserva de praza de longa duración, será cesado/a nese nomeamento ao día seguinte da publicación da resolución deste proceso selectivo.




No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse as disposicións contidas na resolución do concurso–oposición citado como referencia, na Lei 39/2015 do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo, 23 de outubro de 2017

O xerente de Xestión Integrada



Félix Rubial Bernárdez

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día *27 de novembro* de 2017 publícase no DOG núm. *225* o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación nos taboleiros de anuncios das oficinas da Dirección de Recursos Humanos da EOXI Vigo e na páxina web do SERGAS

A directora de Recursos Humanos

Ana M^a Comesaña Álvarez



ANEXO I

Prazas e titulación requirida

ESPECIALIDADE	NÚMERO PRAZAS/ TIPO NOMEAMENTO	TITULACIÓN REQUIRIDA
Anestesioloxía e Reanimación	1 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Anestesioloxía e Reanimación.
Cardioloxía	2 (Interinidade en praza vacante e reserva de praza)	Título oficial da especialidade de Cardioloxía
Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo	2 (Interinidades en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo
Cirurxía Torácica	1 (Reserva de praza)	Título oficial da especialidade de Cirurxía Torácica
Farmacía Hospitalaria	3 (Interinidades en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Farmacía Hospitalaria
Medicina Intensiva	1 (Reserva de praza)	Título oficial da especialidade de Medicina intensiva
Medicina Interna	2 (Interinidades en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Medicina Interna
Nefroloxía	1 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Nefroloxía
Neurocirurxía	1 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Neurocirurxía



ESPECIALIDADE	NÚMERO PRAZAS/ TIPO NOMEAMENTO	TITULACIÓN REQUIRIDA
Neuroloxía	1 (Interinidade en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Neuroloxía
Obstetricia e Xinecoloxía	2 (Interinidades en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Obstetricia e Xinecoloxía
Oncoloxía Médica	1 (Interinidade en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Oncoloxía médica
Otorrinolaringoloxía	1 (Interinidade en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Otorrinolaringoloxía
Pediatría e a súas áreas específicas	1 (Interinidade en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas
Psiquiatría	3 (Interinidades en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Psiquiatría.
Radiodiagnóstico	1 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial da especialidade de Radiodiagnóstico.
Uroloxía	1 (Interinidade en praza vacante)	Titulo oficial da especialidade de Uroloxía
Medicina Interna para postos en hospitalización a domicilio	3 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial de especialista en Medicina Interna.
Xeriatría para posto en hospitalización a domicilio	1 (Interinidade en praza vacante)	Título oficial de especialista en Xeriatría.
Médico/a de Admisión e Documentación clínica	2 (Reserva de praza)	Grao/Licenciatura en medicina



ANEXO II

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL
DUNHA PRAZA DE _____**

Don/ Dona: _____

DNI _____

Teléfono _____

EXPOÑO

Que publicada a Resolución do Xerente da EOXI Vigo, do __ de _____ de 2017, e estando interesado/a na prestación de servizos cun nomeamento de carácter temporal na categoría/especialidade de _____ conforme ás bases da convocatoria contida na devandita resolución,

DECLARO

Que reúno todos os requisitos de participación requiridos nesta convocatoria polo que:

SOLICITO

Sexa admitida a presente solicitude para cubrir con carácter temporal a praza convocada na categoría/especialidade de _____, xuntando a documentación que a continuación se relaciona:

Vigo, _____ de _____ de 201_

XERENTE DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO

ANEXO III

Instrucións de acceso ao expediente electrónico (Fides)

A Oficina Virtual do Profesional (Fides) constitúe o punto de encontro telemático entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais cos que mantén unha vinculación, así como coas persoas aspirantes e profesionais doutros servizos de saúde que participen nos procesos de selección e provisión de prazas convocados por este organismo e configúrase como a plataforma de acceso ao expediente electrónico do/da profesional ou aspirante.

O acceso a Fides poderase realizar desde:

- A internet (profesionais do Servizo Galego de Saúde e procedentes doutros servizos autonómicos de saúde).
- A intranet do Servizo Galego de Saúde (só dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa).

1. Acceso desde a internet.

1.1. Acceso desde a internet con certificado dixital.

Os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde, así como os que procedan doutro servizo de saúde autonómico, poderán acceder desta forma a Fides a través do enderezo <http://Fides.sergas.es>.

É requisito indispensable dispoñer dun certificado dixital para acceder a través desta vía. Os certificados aceptados son os expedidos pola FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre) e o DNI electrónico (DNle).

Para obter o certificado dixital expedido pola FNMT será preciso solicitalo a través de internet (no enderezo www.cert.fnmt.es) ou ben en calquera oficina da Axencia Tributaria (Ministerio de Economía e Facenda).

Se o usuario xa dispón dunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico, esta xa contén un certificado da FNMT, polo que non será necesario solicitar un novo. De feito, a



solicitude dun novo certificado inhabilitará o que existe na tarxeta sanitaria.

Pola súa parte, o DNI electrónico (DNle) poderase solicitar nas oficinas da Dirección Xeral da Policía.

Para a identificación do usuario mediante tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde con chip electrónico ou a través do DNI electrónico, será preciso, con carácter xeral, dispoñer dunha lectora de tarxetas, agás que se dispoña dun certificado dixital da FNMT instalado no propio equipamento.

Os/as usuarios/as poderán solicitar información e obter asesoramento sobre a acreditación electrónica nos PAE (Punto de Acreditación Electrónica) habilitados polo Servizo Galego de Saúde nos diversos centros sanitarios de atención especializada e atención primaria do organismo.

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os/as profesionais actualmente vinculados ao Servizo Galego de Saúde, así como aqueles profesionais que nalgún momento do pasado tivesen algún tipo de vinculación co citado organismo, serán tanto o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo como ao resto de funcionalidades existentes na Oficina Virtual do Profesional (Fides).

Os servizos que, a través desta forma de acceso, terán dispoñibles os profesionais que nunca tiveron un vínculo co Servizo Galego de Saúde serán tanto o acceso á xestión do expediente electrónico como á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados e demais procesos de selección e provisión de prazas que convoque este organismo.

A primeira vez que un/unha profesional acceda con certificado dixital a Fides, solicitaráselle que encha un formulario de alta con datos básicos.

1.2. Acceso desde a internet sen certificado dixital.

O acceso a Fides desde a internet sen certificado dixital efectuarase a través do enderezo <http://Fides.sergas.es>.

Esta forma de acceso non estará habilitada para o persoal actualmente vinculado ao Servizo Galego de Saúde. Unicamente os/as profesionais que tiveron no pasado algún vínculo laboral co Servizo Galego de Saúde ou aqueles que nunca mantiveron relación profesional con este organismo poderán elixir esta forma de acceso ao sistema.

Por motivos de seguridade e de protección de datos, este tipo de acceso ten limitadas as funcionalidades do servizo a que se pode acceder. Aínda así, resulta recomendable acceder mediante certificado dixital por resultar o método que ofrece as debidas garantías en canto á seguridade dos datos e permite o acceso a todas as funcionalidades de Fides.

Para acceder sen certificado dixital é necesario solicitar unha conta de usuario, formada por un identificador único e un contrasinal secreto realizando os pasos seguintes:

- Paso 1: desde a pantalla principal de Fides, na epígrafe «acceso sen certificado», premer na ligazón de acceso ao proceso de rexistro.
- Paso 2: encher debidamente o formulario e aceptar as condicións de uso. Neste formulario realizaranse unha serie de preguntas en función de se se tivo ou non algunha vez algún tipo de vinculación co Servizo Galego de Saúde, que haberá que responder correctamente para consolidar con éxito o proceso de alta.

No caso de non responder correctamente as preguntas, o sistema enviará ao correo electrónico do usuario indicado no formulario un código que a persoa interesada terá que presentar persoalmente nun dos PAE (Punto de Acreditación Electrónica) habilitados polo Servizo Galego de Saúde nos diversos centros do organismo, xunto cun documento de identificación válido.

No caso de finalizar o proceso de alta correctamente, envíarase unha mensaxe de confirmación á persoa interesada, ao enderezo de correo electrónico indicado no formulario, e tras a confirmación por parte do/a usuario/a, unha segunda mensaxe vía correo electrónico cos datos de acceso a Fides.

- Paso 3: cubrir os recuadros de usuario e contrasinal de Fides, na epígrafe de «acceso sen certificado». A primeira vez que accedamos a Fides tras o proceso de alta o sistema solicitaranos que cambiemos o contrasinal por motivos de seguridade.

2. Acceso desde a intranet do Servizo Galego de Saúde.

Esta vía só estará dispoñible para profesionais en activo do Servizo Galego de Saúde e desde equipamentos informáticos situados fisicamente na rede corporativa do citado organismo.

Os/as profesionais cun vínculo activo terán, mediante este sistema, acceso á totalidade de servizos e funcionalidades de Fides, incluído o acceso á xestión do expediente electrónico e á inscrición electrónica no proceso de concurso de traslados.



O acceso a Fides realizarase mediante o código de usuario e contrasinal que os/as profesionais en activo xa teñen asignado e utilizan habitualmente para accederen ao resto de funcionalidades do sistema.

3. Manual de instrucións de acceso e funcionamento do expediente electrónico e validación da documentación.

Na sede electrónica do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) figura á disposición dos concursantes un manual de instrucións sobre o acceso e funcionamento do expediente electrónico, os diferentes estados en que pode atopar a información relativa aos seus méritos e normas de validación da documentación que deben achegar.